

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto convosco para informarvos sobre o **aparcamento que utilizamos na Praza de Mazarelos**. Como sabedes temos a disposición do colexio un lugar para aparcar por un tempo limitado na Praza de Mazarelos, para facilitala entrada e saída dos máis pequenos do noso centro.

Os pais dos alumnos que o soliciten (Infantil e 1º ciclo de Primaria) deberán cubrir este papel e entregalo na secretaría do colexio **antes do 22 de setembro**. Posteriormente o centro entregaralles unha **tarxeta para este curso 2017-2018** con todos os datos para poder ser utilizada. Deberedes colocala nun sitio visible do coche e desta maneira os pais/nais encargados de coidar as entradas ou saídas evitarán que entren outros coches que non sexan do colexio ou que non lles corresponda.

O custe desta tarxeta é de **10 euros anuais**, vémonos na necesidade de cobrar a todos aqueles que fagan uso deste servizo, para poder pagar unha persoa que realice esta función. O importe será entregado en Secretaría á vez que se entrega o papel da inscrición.

Tanto dende o Equipo Directivo como dende a Directiva da Asociación de Pais/Nais rogámosvos e pedímosvos a vosa colaboración para que todo funcione o mellor posible e tamén respectar os horarios establecidos polo Concello, pois do contrario volverán a pechar a praza.

HORARIOS:

9:15-9:45 // 12:45-13:10 // 14:50- 15:10 // 16:50- 17:10.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

O Equipo Directivo e A.N.P.A. do Colexio.

Nome do alumno _____

Curso académico 2017-18 _____

Matrículas _____ / _____